

CompTIA Cloud+

Descrición

Desenvolve as competencias necesarias para deseñar solucións cloud eficientes, xestionar recursos e servizos, automatizar tarefas operativas e garantir a seguridade, dispoñibilidade e resiliencia dos sistemas.

Adquire coñecementos prácticos para traballar con arquitecturas cloud modernas, administrar contornas virtualizadas, supervisar o rendemento dos servizos, aplicar medidas de seguridade e resolver incidencias en infraestruturas de nube.

O curso incorpora escenarios reais e laboratorios prácticos que reflicten as tarefas habituais de administradores e enxeñeiros cloud.

Este curso está deseñado para axudar aos estudantes para prepararse para o exame de certificación CompTIA Cloud+ (CV0-004).

A certificación CompTIA Cloud+ é unha acreditación global e independente do fabricante que valida os coñecementos e habilidades necesarios para despregar, manter e optimizar infraestruturas cloud. O exame CompTIA Cloud+ garante que o candidato posúe os coñecementos e capacidades necesarios para:

- Deseñar e implementar solucións cloud adaptadas aos requisitos de negocio e técnicos dunha organización.
- Xestionar e optimizar recursos, almacenamento, redes e cargas de traballo en contornas cloud.
- Aplicar medidas de seguridade, continuidade de negocio e recuperación ante desastres en infraestruturas cloud.
- Automatizar operacións e xestionar contornas cloud utilizando ferramentas e prácticas modernas de administración e DevOps.
- Monitorizar, identificar e resolver problemas relacionados co rendemento, a dispoñibilidade e a seguridade dos servizos cloud.

Obxectivos

- Analizar arquitecturas, modelos de servizo e modelos de despregamento cloud, incluíndo IaaS, PaaS, SaaS e FaaS.
- Avaliar tecnoloxías de rede, almacenamento e virtualización utilizadas en contornas cloud.
- Optimizar recursos cloud para mellorar o rendemento e a eficiencia de custos.
- Implementar infraestruturas e configuracións mediante enfoques de Infrastructure as Code (IaC) e Configuration as Code (CaC).
- Planificar e executar migracións de cargas de traballo entre diferentes contornas cloud.
- Aproveitamento de recursos cloud atendendo a requisitos de rendemento, seguridade e cumprimento normativo.
- Supervisar contornas cloud mediante ferramentas de observabilidade, monitorización e análise de métricas.
- Configurar estratexias de escalabilidade, copias de seguridade e solucións de recuperación ante desastres.
- Xestionar o ciclo de vida dos recursos cloud, incluíndo actualizacións, mantemento e retirada de servizos.
- Aplicar prácticas de xestión de vulnerabilidades e cumprimento de estándares de seguridade como PCI DSS e ISO 27001.
- Configurar mecanismos de xestión de identidades e accesos (IAM) para protexer o acceso aos recursos cloud.
- Implementar controis de seguridade como desvasa, prevención de perda de datos (DLP) e protección de endpoints.
- Utilizar ferramentas de control de versións e canalizacións CI/CD para automatizar procesos en contornas cloud.
- Integrar sistemas e empregar ferramentas DevOps como Kubernetes, Jenkins e Ansible.
- Aplicar estratexias de automatización e arquitecturas orientadas a eventos para mellorar a eficiencia operativa.
- Diagnosticar e resolver incidencias relacionadas con despregamentos, redes e seguridade en infraestruturas cloud.
- Identificar e corrixir erros de configuración e interrupcións de servizo.
- Detectar vectores de ataque habituais e monitorizar actividades potencialmente sospeitosas en contornas cloud.

Dirixido a

Profesionais de TI con entre 2 e 3 anos de experiencia en administración de sistemas ou redes que desexen validar os seus coñecementos en tecnoloxías cloud e ampliar as súas oportunidades profesionais no ámbito da computación na nube.

- Administrador/a de Sistemas (System Administrator)
- Enxeñeiro/a de Sistemas (Systems Engineer)
- Administrador/a de Redes (Network Administrator)
- Enxeñeiro/a de Redes (Network Engineer)
- Desenvolvedor/a Cloud (Cloud Developer)
- Especialista Cloud (Cloud Specialist)
- Responsable de Proxectos de Servizos Cloud (Project Manager, Cloud computing Services)
- Enxeñeiro/a Cloud (Cloud Engineer)
- Responsable de Centros de Datos e Redes SAN Manager, Data Center SAN)
- Analista de Negocio especializado/a en Computación na Nube (Business Analyst, Cloud computin

BENEFICIOS

Opción gratuita dun exame de certificación oficial

Diploma de asistencia

Perfil do docente

Consultor e instrutor con máis de 20 anos de experiencia no sector TIC. Certificado en tecnoloxías Microsoft e CompTIA, especializado en ciberseguridade, redes e telecomunicacións. Conta cunha ampla experiencia na impartición de formación técnica orientada a certificacións oficiais, así como no deseño, implementación e administración de infraestruturas de sistemas, redes e comunicacións, e no desenvolvemento de proxectos de seguridade informática en contornas empresariais e educativas.

PROGRAMA	Programación 2026/27
TIPO	CURSO
MATRÍCULA	Gratuíta
PERIODO INSCRICIÓN	01/12/2026 - 15/12/2026
PROBA DE SELECCIÓN	16/12/2026 (00:00)



CompTIA Cloud+

CRITERIOS DE SELECCIÓN	Proba técnica presencial no CNTG en Santiago de Compostela
Nº PRAZAS	20 (Mínimo 10)
METODOLOXÍA	Virtual
TIPO DE EDICIÓN	Edición única tarde (desempregados/as e ocupados/as)
DURACIÓN	35 horas
DATA INICIO	11/01/2027
DATA FIN	22/01/2027
HORARIO	De luns a vernes de 16:30 a 20:00 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	CompTIA Cloud+ (CV0-003)
MÓDULOS TRANSVERSAIS	Igualdade de 5 horas
TECNOLOXÍA	Ciberseguridade/Ciberseguridad CompTIA
PERIODO DOCENCIA	11/01/2027 - 22/01/2027

Temario

1. Comprensión dos conceptos de arquitectura cloud
 - Recoñecemento de conceptos cloud e modelos de servizo.
 - Recoñecemento da terminoloxía cloud.

- Tecnoloxías utilizadas en contornas cloud.
 - Resolución de incidencias en contornas cloud.
2. Planificación de servizos cloud
- Deseño nativo para a nube (Cloud-Native Design).
 - Modelos de despregamento cloud.
 - Estratexias de despregamento cloud.
3. Aprovisionamento e migración de recursos cloud
- Aprovisionamento de recursos cloud.
 - Aspectos relacionados coa migración á nube.
 - Consideracións para a migración cloud.
4. Comparación de solucións de almacenamento cloud
- Recursos e tecnoloxías de almacenamento.
 - Resolución de problemas relacionados con despregamentos e custos.
 - Resolución de incidencias en despregamentos e migracións.
 - Consideracións de custos asociadas ao uso de servizos cloud.
5. Uso de virtualización e bases de datos
- Conceptos de virtualización.
 - Conceptos de contenedorización.
 - Conceptos de bases de datos.
6. Comprensión das redes cloud
- Conceptos de redes cloud.
 - Funcións de rede.
 - Compoñentes de rede.
 - Servizos de rede.
 - Servizos de rede cloud.
 - Resolución de incidencias de rede.
7. Automatización de recursos cloud
- Despregamento e configuración de recursos cloud mediante código.
 - Canalizacións de Integración Continua e Entrega/Despregamento Continuo (CI/CD).
 - Ferramentas utilizadas en contornas DevOps.
 - Conceptos de control de versións.
 - Automatización mediante scripts (scripting).
 - Integración de sistemas.
8. Implementación da xestión de seguridade
- Conceptos de xestión de identidades e accesos (IAM).
 - Controis de seguridade na nube.
 - Conceptos de xestión de vulnerabilidades.
 - Monitorización de actividades sospeitosas para identificar ataques comúns.

9. Cumprimento normativo e resolución de incidencias de seguridade

- Aspectos relacionados co cumprimento normativo e a regulación.
- Boas prácticas de seguridade.
- Resolución de incidencias de seguridade.

10. Implementación de rendemento e monitorización

- Optimización de cargas de traballo mediante recursos cloud.
- Configuración de estratexias de escalabilidade adecuadas.
- Configuración de recursos para garantir a observabilidade.
- Xestión do ciclo de vida dos recursos cloud.

11. Xestión de recuperación ante desastres e continuidade de negocio

- Métodos de copia de seguridade e recuperación.
- Conceptos de dispoñibilidade de servizos.